



www.mgs-galiza.org

# máis alá!

FOLLA  
INFORMATIVA DO  
MOVEMENTO  
GALEGO AO  
SOCIALISMO

nº 14  
Día da  
Patria  
2013

## Conquistar a soberanía para transformar a realidade

Non son poucas as voces que desde o tacticismo electoralista ou desde o abandono de posicións políticas incómodas argumentan dun ou doutro xeito a inoportunidade de axitar aquí e agora a cuestión soberanista. Nalgúns casos o argumento é a pretendida falta de madurez da sociedade galega, noutros as supostas prioridades que neste momento de crise farían que só a cuestión "social" (como se a da soberanía non o fose) tivese urxencia e vixencia.

Este razoamento, porén, omite a cada vez máis clara interrelación entre crise e dependencia e esquece conscientemente que as oligarquias están a dictar as súas medidas económicas e sociais -destinadas a manter e aumentar os seus privilexios- pola vía de

**"o futuro da nosa nación só pode artellarse con dignidade devolvéndolle a capacidade de decisión ao pobo, recuperando a soberanía "**

negar aos pobos cada vez máis a posibilidade de decidiren sobre os asuntos que lles afectan.

Non parece pois un bo momento para repetir o mesmo erro que a dirección nacionalismo cometeu durante non poucos anos. Obviar xusto agora a defensa da soberanía e da independencia sería tan incoherente como suicida para o noso pobo e a nosa clase.

Entendemos que o futuro da nosa nación só pode artellarse con dignidade devolvéndolle a capacidade de decisión ao pobo, recuperando pois a soberanía nacional e popular no marco dunha República Galega que rompa con todas as estruturas de dominación.


A conquista de independencia entendémola por tanto como mecanismo de defensa fronte a quen aspira a que desaparezcamos como pobo, mais tamén como unha ferramenta que nos permita construír unha sociedade diferente sobre bases de xustiza social, democracia real e igualdade. A nova sociedade cara á que camiñamos as e os comunistas pasa pola independencia nacional para romper cun rexime post-franquista cada vez

**"É a batalla pola soberanía tamén a que abre a posibilidade de ruptura coa UE e o seu proxecto de consolidación do capitalismo neoliberal"**

máis degradado e corrupto, evitando que as oligarquías nos atrapen de novo nunha hipotética "segunda transición" que podería ser letal para as aspiracións de Galiza e das súas clases populares.

É a batalla pola soberanía tamén a que abre a posibilidade de ruptura coa UE e o seu proxecto de consolidación do capitalismo neoliberal, unha opción que hoxe se presenta como urxente unha vez que está mais que desvelada xa a verdadeira natureza desa estrutura imperialista que non ofrece posibilidade algunha de reforma. Velá pois outra razón pola que cómpre erguermos con forza a bandeira da liberdade nacional fronte ás imposicións do capital.

>>



&gt;&gt;

Chamamos pois a sumar forzas nunha xeira que non ha ser sinxela, mais que é a única que ten un destino certo. Un proceso de acumulación de rebeldías en todos os ámbitos e todas as fronteiras, no que cómpre intensificar as loitas populares, facelas confluír, dotalas dun proxecto global de transformación da realidade e deseñar conxuntamente cos movementos sociais transformadores un horizonte compartido que supere o capitalismo e a dependencia.

**“cómpre intensificar as loitas populares, facelas confluír, dotalas dun proxecto global de transformación da realidade”**

Ese debiera ser o papel das organizacións revolucionarias. O espazo político independentista e de clase que estamos a construír aspira a avanzar nese camiño, servindo como ferramenta de intervención política en todas as fronteiras, facendo pedagogía política sobre a necesidade de non ficarmos na xestión do existente nin só nos combates parciais, conscientes de que é preciso presentar unha emenda á totalidade a este sistema depredador.

Combinando humildade con firmeza nas posicións políticas, sabemos que é moito o camiño que temos en común con quen comparte os fins de liberación nacional e social. A iso responde a nosa firme aposta por facer do BNG a ferramenta política de referencia da esquerda soberanista e independentista, e nesa análise enmárcase tamén a nosa participación e impulso de espazos de loita unitarios en todas as fronteiras, dotados de obxectivos claros de ruptura democrática e mudanza social.

Neste momento estanse a dar importantes pasos na unidade de acción de quen soñamos unha Galiza diferente, libre e construída desde a esquerda. Consolidar eses pasos, afortalar os espazos de confluencia e asentar un clima de confianza

entre todos os actores, con ou sen militancia, é o deber que se nos presenta a quen sempre formulamos a necesidade de alianzas amplas e plurais nesas coordenadas.

Desde o MGS non só temos analizado a necesidade de que se deran avances como os que agora están a ter lugar, senón que alá onde poidemos contribuímos efectivamente de xeito leal e contrutivo a facelos realidade. Saudamos pois os primeiros pasos de Galiza pola Soberanía, así como a mobilización unitaria da mocidade nacionalista xa que son iniciativas que contribúen a aglutinar razóns e forzas para avanzar no camiño común que temos trazado.

Neste novo Día da Patria Galega, chamamos ao pobo traballador a tomar nas súas mans o seu destino e organizarse para loitar pola soberanía e a independencia nacional, pola democracia e o socialismo. Chamamos a fortalecer as organizacións de masas do nacionalismo popular, a dinamizar o movemento asociativo de base en todos os ámbitos, pois iso é que garantirá a nosa vitoria futura.

**“chamamos ao pobo traballador a tomar nas súas mans o seu destino e organizarse para loitar pola soberanía e a independencia nacional, pola democracia e o socialismo”**

Nun momento de resistencia contra a perda de dereitos, custa imaxinar un escenario no que as clases populares pasemos á ofensiva para construír unha sociedade nova fóra do réxime español. Mais a historia demostra que as correlacións de forzas poden mudar con rapidez e que as crises resólvense dun ou doutro modo en función da capacidade de organización e combate dos diversos sectores que nelas se confrontan. Por iso o noso labor é mais urxente ca nunca.

# Moncho Reboiras

a mellor homenaxe é a vitoria!

**Acto do MGS**

**12 de agosto**

**13:00h**

**Cemiterio de Imo (Dodro)**

ao remate, xantar popular



**MOVIMENTO  
GALEGO AO  
SOCIALISMO**

Avenida de Castelao nº30, baixo  
15704 - Compostela

[www.mgs-galiza.org](http://www.mgs-galiza.org) · [nacional@mgs-galiza.org](mailto:nacional@mgs-galiza.org)  
[facebook.com/mgsgaliza](https://facebook.com/mgsgaliza) · [twitter.com/mgsgaliza](https://twitter.com/mgsgaliza)